

Normas de presentación de traballos para a *Revista Galega de Filoloxía*

1. Cuestións xerais

1. A *Revista Galega de Filoloxía* conságrase á publicación de traballos de investigación que desenvolven algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués, como tamén á promoción e ao coñecemento da lingua no seo da sociedade. Do mesmo xeito, recensións de obras que traten algún tema relacionado coa lingüística en xeral, ou coa galega e portuguesa en particular, serán obxecto de consideración para seren publicadas.

2. Todos os traballos presentados á *Revista* deberán ser orixinais e inéditos.

3. O autor ou a autora ten de entregar dúas copias electrónicas, unha asinada e outra anónima. A partir desta, solicitarase un informe avaliador a un comité externo de expertos, cuxo ditame será decisivo para o traballo ser incluído na *RGF*. En calquera caso, as súas observacións, se for preciso, serán trasladadas ao autor ou á autora para a súa consideración. Non se volverán os orixinais.

Caso de o traballo precisar correccións, á vista dos informes do comité externo, os autores e as autoras disporán de un mes natural para devolveren o orixinal corrixido.

4. Para o proceso de edición dos contributos, a Redacción da *RGF* enviará aos autores unha copia, coa finalidade de efectuaren as correccións tipográficas, ortográficas e de estilo que estimaren oportunas, sempre que non supuxeren alteracións importantes do texto, que deberán devolver no prazo máximo de 15 días naturais. Se, unha vez finalizado ese período, os autores non notificaren ningunha mudanza, entenderase que concordan coa edición.

5. A lingua preferencial de publicación é o galego ou portugués, aínda que en casos especiais se admita a publicación en calquera outro idioma.

6. As propostas de traballos serán enviadas ao seguinte enderezo: e.mosquera@udc.es (Estefanía Mosquera Castro).

2. Redacción e organización

1. As colaboracións poden responder a tres modalidades, isto é, artigos, notas e recensións, tendo de se empregar tipografía Times New Roman, tamaño 12, con entreliñamento sinxelo e coas seguintes extensións: para os artigos, un mínimo de 15 páxinas e un máximo de 25; para as notas, un mínimo de 10 páxinas e un máximo de 15; e para as recensións un máximo de 5 páxinas. Artigos que excederen con moito o límite superior establecido, se a Redacción xulgar pertinente, poderán dividirse e aparecer en números sucesivos da *RGF*. Os artigos e as notas incluírán un breve resumo (máx. 10 liñas) e as palabras chave (aprox. 5), xunto co respectivo *abstract*, as correspondentes *key words* e o título en inglés. Así mesmo, incluírase un sumario na lingua orixinal e en inglés.

As tabelas, mapas, gráficos, cadros etc., se os houber, deberán estar inseridos no lugar correspondente do texto.

2. Figurará o nome do artigo ou nota, seguido, na liña de abaixo, do nome do/a autor/a e, a seguir, o centro en que desenvolve o seu traballo. O texto debe organizarse cun máximo de tres niveis de encabezamento, numerados de forma correlativa:

Título

Autor/a

Centro

1. Sección

1.1. Subsección

1.1.1. Parte

As recensións irán encabezadas pola referencia bibliográfica completa da obra que se comenta (Nome do/a autor/a da obra, *Título*, Cidade, Editora, ano, número de páxinas). Ao final, figurará o nome do/a autor/a da recensión.

3. No que se refire aos sinais e convencións tipográficas, sinálase o uso exclusivo e obrigatorio das seguintes indicacións:

-O uso de colchetes con reticencias ([...]) fica reservado para a elisión de fragmentos nun texto científico ou literario; de se elidir un anaco nunha citación literaria en *itálica*, os colchetes terán de ir en tipografía redonda normal.

-A utilización das VERSALETAS no corpo do traballo só servirá para as etimoloxías: CLAVUM > cravo.

-Recoméndase o menor número de notas posíbel, que, en todo o caso, nunca deberán ir ao final do artigo, mais en rodapé, con tamaño 10.

-Os trazos longos (–) só se empregarán cando equivaleren ás parénteses, en canto os curtos (-) fican reservados para as enumeracións no texto e para a unión de palabras que precisaren deles.

3. Sistema de citación

1. O modelo de citación que se seguirá na *RGF* é o coñecido como “americano”. Porén, dado que existen varios sistemas de referencias enmarcados dentro deste, expomos a seguir o que se empregará ao longo das páxinas da *Revista*.

2. Ao final do artigo ou nota deberá figurar unicamente a bibliografía que se cita no corpo do traballo, encabezada pola lexenda Referencias bibliográficas.

3. Utilizaranse as abreviaturas s.d., s.l., dir(s), ed(s), org(s), coord(s), para, respectivamente, indicar que na publicación non se especificou o ano ou o lugar de edición e quen se encargou da dirección, edición, organización ou coordinación.

4. Non se empregarán as abreviaturas latinas *vid.*, *íd.*, *ibíd.*, *op. cit.* e *opus cit.*

5. Citacións e referencias no corpo do texto:

5.1. As citacións textuais dun autor ou autora irán enmarcadas dentro do corpo do traballo, se non excederen as tres liñas, indicadas por aspas duplas altas (“”).

5.2. Se os extractos doutras obras foren superiores ás tres liñas, disporanse con tabulación de dous cm polo lado esquerdo e cun só espazo de entreliñamento entre o parágrafo anterior e o seguinte. Estes textos, sen aspas e sen *itálica*, deberán ir en tamaño 10.

5.3. Ao final das citacións, tanto no corpo do texto como nas que leveren tabulación, debe figurar a seguir a referencia segundo o modelo (García Negro 1991: 37). Se o enunciado xa inclúe o nome do autor, só aparecerá inmediatamente a seguir o ano da publicación e as páxinas entre parénteses (1991: 37).

Se houber varias citacións do mesmo autor e do mesmo ano, recorrerase ás letras segundo este modelo: (Vilela 1995a: 20) / (Vilela 1995b: 7).

6. Referencias bibliográficas:

As referencias bibliográficas, con tabulación francesa, disporanse segundo os seguintes modelos.

6.1. Libros

a. Libro de autoría individual ou múltipla (como autor, director, organizador...)

Barroso, H. (1999): *Forma e Substância da Expressão da Língua Portuguesa* (Coimbra: Livraria Almedina).

Costa Casas, X. X. / González Refoxo, M. A. / Morán Fraga, C. C. / Rábade Castiñeira, X. C. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* (A Coruña: Vía Láctea).

Burger, M. / Martel, G. (dirs.) (2005): *Argumentation et Communication dans les Médias*. Coll. Langue et pratiques discursives (Québec: Nota Bene).

Cirelli Apa, R. (2005): *Polidez lingüística nas conversações de Telemarketing* (São Paulo: Universidade de São Paulo). Disponível en <http://www.tese.usp.br/teses/disponiveis/8/8142/tde-01082006-142049> [consult. 08.05.2008].

b. Libro con máis de unha edición

Freixeiro Mato, X. R. (2002) [1997]: *Lingua galega. Normalidade e conflito* (Santiago de Compostela: Laiovento).

c. Obra publicada en anexos, cadernos á parte ou monográficos dunha publicación periódica

Souto Cabo, J. A. (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. Monografía 5 da *Revista Galega de Filoloxía* (A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña).

2. Contributos inseridos en monografías

Pinto, M. G. / Veloso, J. / Moura, M. J. (1999): “A brief approach to European Portuguese lexical terms connected with the process of Knowing: Evidence from children’s and adults’ oral productions”, en Vilela, M. / Silva, F. (eds.), *Actas do 1º Encontro de Lingüística Cognitiva (Porto, 29/30-5-98)*, 181-205 (Porto: Faculdade de Letras da Universidade do Porto).

Viaro, M. E. (2002): “A sufixação nas cantigas de Santa Maria”, en *IX Congresso Brasileiro de Língua Portuguesa*. Disponível en <http://www.usp.br/gmhp/publ/Via20.pdf> [consult. 26.04.2010].

3. Contributos inseridos en publicacións periódicas

Carballo Calero, R. (1980): “Novos testemunos gráficos do galego decer ‘dicir’”, *Verba* 7, 203-207.

Martínez Lema, P. (2009): “Hidrotoponimia da comarca de Bergantiños na documentación do Tombo de Toxos Outos: estudo lingüístico-etimolóxico”, *Ianua* 9, 195-212. Disponível en <http://www.romaniaminor.net/ianua/Ianua09/08.pdf> [consult. 18.04.2010].

Consello de Redacción